Día histórico para os concellos transfronteirizos de Pontevedra e do norte de Portugal co nacemento da nova AECT Rio Minho

Pola súa parte, o deputado de Cooperación Transfronteiriza Uxío Benítez insistiu en que foi un día especial “para os que levamos o río Miño no corazón, porque ten que volver a ser o centro do que nos une”. Destacou que o territorio da fronteira “ten que acreditar en si mesmo porque é o centro dunha área cunha forte dinamización económica”, lembrando que está no medio do eixo Vigo-Porto (con 3,5 millóns de habitantes) e reúne o 47 % dos fluxos de vehículos lixeiros entre España e Portugal.

O impulsor da AECT destacou que 350 anos despois do tratado de Lisboa (de 1668) que finalizou coa guerra entre España e Portugal marcando a paz e as fronteiras “nace un instrumento para derrubalas, un instrumento xurídico estable que impulsará o desenvolvemento do territorio e estará ao servizo da cooperación urbana, dará poder de decisión aos territorios e permitirá acceso aos fondos europeos”, indicou, lembrando que en breve se abrirá unha nova convocatoria do POCTEP.

A nova agrupación de

cooperación transfronteiriza ‘Río Miño’ recibe a súa autorización definitiva

A nova Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) Río Minho, que reúne á Deputación de Pontevedra e aos 16 concellos do Baixo Miño e Condado-Paradanta xunto coa CIM Alto Minho e dez câmaras do Norte de Portugal, acaba de obter a autorización que faltaba para o seu nacemento oficial. Este novo organismo servirá de ferramenta para a cohesión económica, social e territorial do contorno do Río Miño e, de xeito particular, para solicitar fondos europeos para proxectos conxuntos.

O grupo de traballo da AECT reúnese para supervisar a marcha de todos os proxectos do Miño transfronteirizo

O grupo de traballo da Agrupación de Cooperación Territorial Río Miño (AECT) reuniuse este mércores na sede da CIM Alto Minho e futura sede da AECT en Valença para supervisar os proxectos que se están levando a cabo ao acubillo do Miño transfronteirizo e ter unha visión global da situación na que se atopan cada un destes proxectos, tanto o Smart Minho como o Visit Miño, ambos os dous promovidos pola Deputación de Pontevedra en colaboración coa Comunidade Intermunicipal do Alto Minho.

Pistoletazo de saída para executar os proxectos financiados con fondos europeos no territorio do Miño

Os proxectos Smart Miño, que pretende crear un instrumento de cooperación estable para os concellos da fronteira da provincia de Pontevedra e o norte de Portugal, e Visit Río Miño para potenciar o turismo no territorio transfronteirizo do Miño, veñen de recibir o seu “pistoletazo de saída”. A Deputación de Pontevedra xa aceptou oficialmente en pleno a subvención de tres millóns de euros para as dúas iniciativas, que están cofinanciadas polos fondos europeos do FEDER (ao 75%) dentro da primeira convocatoria de axudas do Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 INTERREG VA.

Preto de 3 millóns de euros para o territorio transfronteirizo do Miño

O territorio transfronteirizo do Miño beneficiarase dun investimento de preto de 3 millóns de euros grazas á concesión

dos fondos europeos do programa Interreg VA-POCTEP anunciada hoxe. O deputado de Cooperación Transfronteiriza Uxío Benítez cualificou de histórica a aprobación dos proxectos presentados pola Deputación de Pontevedra e a CIM Alto Minho e subliñou que a contía dos fondos aprobados “é a máis alta destinada desde a UE a un proxecto común e global para a mellora e desenvolvemento da fronteira do Miño” desde a construción das diferentes pontes entre o sur de Pontevedra e o norte de Portugal.

Converter a AECT Río Miño nunha ferramenta de desenvolvemento, obxectivo da xornada internacional sobre Cooperación Transfronteiriza

A Deputación de Pontevedra reúne durante o día de hoxe en Tomiño aos máximos especialistas en Cooperación Transfronteiriza de toda Europa. A xornada, denominada ‘A nova AECT Río Miño dende unha visión comparada: a raia e Europa’, contou na sesión de apertura coa presenza da presidenta da Deputación, Carmela Silva, do deputado provincial de Cooperación Transfronteiriza, Uxío Benítez, do secretario territorial da Xunta, Ramón Pereiro, do director da Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galiza-Norte de Portugal, Rubén C. Lois, do presidente da Cámara de Vilanova da Cerveira e representante do CIM Alto Minho, Joao Fernando Brito Nogueira, e a alcaldesa de Tomiño, Sandra González. Nas intervencións de apertura, tanto a presidenta da Deputación

como o representante do CIM e a alcaldesa de Tomiño coincidiron nunha reivindicación unánime, ao insistir en reclamar que “os fondos europeos destinados a cooperación transfronteiriza sexan destinados realmente á fronteira”.

A nova Agrupación Galego Portuguesa de Cooperación Transfronteiriza para o Miño aprende da experiencia Verín-Chaves

A nova Agrupación Europea de Cooperación Transfronteiriza (AECT) Río Miño, formada pola Deputación de Pontevedra e a CIM Alto Minho para desenvolver proxectos no territorio da fronteira do Miño, xa está a traballar a pesares de non estar aínda aprobada formalmente. No día de hoxe representantes de ambas administracións, xunto con alcaldes galegos e portugueses da raia, desprazáronse ata Verín para coñecer de primeira man a experiencia da AECT Verín-Chaves.